

Ministerio de Medio Ambiente constituirá un grupo de traballo con representantes do dito departamento e da comunidade autónoma afectada para definir, de común acordo e no prazo máximo de trinta días, as medidas compensatorias que se deberán incorporar ao plan, programa ou proxecto. En caso de persistir o desacordo, o Ministerio de Medio Ambiente determinará as medidas compensatorias tomando en consideración o parecer da comunidade autónoma.

Nos restantes supostos, corresponderalles ás comunidades autónomas a avaliación das repercusións no espazo da Rede ecolóxica europea Natura 2000.»

Dous. Introdúcese un novo punto 5 no artigo 6 do Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres, que terá a seguinte redacción:

«5. En caso de que o lugar considerado albergue un tipo de hábitat natural e/ou unha especie prioritarios, unicamente se poderán alegar consideracións relacionadas coa saúde humana e a seguraza pública, ou relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o ambiente, ou ben outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde. Neste último caso, a través da canle correspondente, haberá que consultar previamente a Comisión Europea.

Desde o momento en que un lugar figure na lista de lugares de importancia comunitaria, este quedará sometido ao disposto nos puntos 2, 3 e 4 deste artigo.

Tamén lles será de aplicación ás zonas de especial protección para as aves, declaradas, se é o caso, polas comunidades autónomas correspondentes, ao abeiro do artigo 4 da Directiva 79/409/CEE, o establecido nos puntos 2, 3 e 4 deste mesmo artigo.»

Tres. Introdúcese un novo punto 6 no artigo 6 do Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres, que terá a seguinte redacción:

«6. As comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, comunicaranlle ao Ministerio de Medio Ambiente as medidas compensatorias que adoptasen e este, a través da canle correspondente, informará a Comisión Europea.»

Disposición transitoria única. *Aplicación aos procedementos en curso.*

O disposto neste real decreto será de aplicación unicamente aos procedementos que se inicien a partir da súa entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias que lle confire ao Estado o artigo 149.1.23.^a da Constitución, en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
CRISTINA NARBONA RUIZ

XEFATURA DO ESTADO

21236 *LEI ORGÁNICA 8/2006, do 4 de decembro de 2006, pola que se modifica a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. («BOE» 290, do 5-12-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A disposición adicional sexta da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, introducida polo punto terceiro da disposición derradeira segunda da Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, prevé que o Goberno impulsará as medidas orientadas a sancionar con máis firmeza e eficacia os feitos delituosos cometidos por persoas que, aínda sendo menores, revistan especial gravidade, tales como os previstos nos artigos 138, 139, 179 e 180 do Código penal. Para tal fin, continúa sinalando a disposición adicional, establececese a posibilidade de prolongar o tempo de internamento, o seu cumprimento en centros en que se reforcen as medidas de seguraza impostas e a posibilidade do seu cumprimento a partir da maioría de idade en centros penitenciarios.

En cumprimento do mandato legal, unha vez transcorridos cinco anos desde a súa aprobación, o Goberno realizou unha avaliación dos resultados de aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Existe o convencemento de que a lei, nestes seus cinco primeiros anos de vixencia, ofrece un balance e consideración positivos, e iso non impide recoñecer que, como toda lei, na súa aplicación presenta algunhas disfuncións que é conveniente e posible corrixir.

As estatísticas revelan un aumento considerable de delitos cometidos por menores, o que causou gran preocupación social e contribuíu a desgastar a credibilidade da lei pola sensación de impunidade das infraccións máis cotiás e frecuentemente cometidas por estes menores, como son os delitos e faltas patrimoniais. Xunto a isto, débese recoñecer que, afortunadamente, non aumentaron significativamente os delitos de carácter violento, aínda que os realmente acontecidos tiveron un forte impacto social.

Co obxectivo de resolver estes problemas, esta lei orgánica formula a revisión de determinados aspectos da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

O interese superior do menor, que vai seguir primando na lei, é perfectamente compatible co obxectivo de pretender unha maior proporcionalidade entre a resposta sancionadora e a gravidade do feito cometido, pois o sistema segue deixando en mans do xuíz, en último caso, a valoración e ponderación de ambos os principios de modo flexible e en favor da óptima individualización da resposta. Doutro xeito, levaríanos a entender dun modo trivial que o interese superior do menor é non só superior, senón único e excluínate fronte a outros bens

constitucionais a cuxo aseguramento obedece toda norma punitiva ou correccional.

Así, en primeiro lugar, ampliáanse os supostos en que se lles poden impor medidas de internamento en réxime cerrado aos menores, e engádense ao xa existente os casos de comisión de delitos graves e de delitos que se cometan en grupo ou cando o menor pertencese ou actuase ao servizo dunha banda, organización ou asociación, incluso de carácter transitorio, que se dedique á realización de tales actividades.

Por outra parte, adecúase o tempo de duración das medidas á entidade dos delitos e ás idades dos menores infractores, e suprímese definitivamente a posibilidade de aplicar a lei aos comprendidos entre dezaioito e vinte e un anos. Ademais, engádese unha nova medida, semellante á prevista no Código penal, consistente na prohibición ao menor infractor de se aproximar ou comunicar coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz.

Facúltase o xuíz para poder acordar, logo de audiencia do Ministerio Fiscal e a entidade pública de protección ou reforma de menores, que o menor que estivese cumprindo unha medida de internamento en réxime cerrado e alcanzase a idade de dezaioito anos, poida terminar de cumprir a medida nun centro penitenciario cando a súa conduta non responda aos obxectivos propostos na sentenza. Ao mesmo tempo, se a medida de internamento en réxime cerrado se lle impón ao que cumpriu vinte e un anos ou, imposta con anterioridade, non finalizou o seu cumprimento ao alcanzar a dita idade, o xuíz ordenará o seu cumprimento nun centro penitenciario, salvo que excepcionalmente proceda a substitución ou modificación da medida.

Incorpórase como causa para adoptar unha medida cautelar o risco de atentar contra bens xurídicos da vítima, e establécese unha nova medida cautelar consistente no afastamento da vítima ou da súa familia ou doutra persoa que determine o xuíz. Ao mesmo tempo, ampliase a duración da medida cautelar de internamento, que pasa de tres meses, prorrogable por outros tres meses, a seis meses prorrogable por outros tres meses.

Por outra parte revísase o réxime de imposición, refundición e execución das medidas, outorgándolle ao xuíz amplas facultades para individualizar a ou as medidas que deba cumprir o menor infractor.

Finalmente, refórzase especialmente a atención e o recoñecemento dos dereitos das vítimas e dos prexudicados, entre os cales se encontra o dereito a ser informado en todo momento, comparecesen ou non no procedemento, daquelas resolucións que afecten os seus intereses. Así mesmo, e no seu beneficio, establécese o axuizamento conxunto das pretensións penais e civís.

Un segundo obxectivo da lei é recoller no proceso de menores as novas misións do secretario xudicial previstas na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, tras a reforma feita pola Lei orgánica 19/2003.

Por último, inclúese unha modificación dos artigos 448 e 707 da Lei de axuizamento criminal, en que se substitúe o último parágrafo, co fin de dotar de maior protección os menores vítimas de determinados delitos, onde se prevé que cando se trate de testemuñas menores de idade vítimas de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, o xuíz ou tribunal necesariamente debe acordar que se evite a confrontación visual deste co inculpado, utilizando para iso calquera medio técnico que faga posible a práctica das distintas probas (declaración, interrogatorio).

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.*

A Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, queda modificada conforme o disposto neste artigo.

Un. Suprímense os puntos 2 e 4 do artigo 1, pasando o actual punto 3 deste artigo a se converter no novo punto 2.

Dous. Modifícase o punto 1 e engádese un novo punto 4 ao artigo 2, que terán a seguinte redacción:

«1. Os xuíces de menores serán competentes para coñecer dos feitos cometidos polas persoas mencionadas no artigo 1 desta lei, así como para facer executar as sentenzas, sen prexuízo das facultades atribuídas por esta lei ás comunidades autónomas respecto á protección e reforma de menores.»

«4. A competencia para coñecer dos delitos previstos nos artigos 571 a 580 do Código penal corresponderalle ao Xulgado Central de Menores da Audiencia Nacional.

A referencia do último inciso do punto 4 do artigo 17 e cantas outras se conteñen nesta lei ao xuíz de menores entenderanse feitas ao xuíz central de menores no que afecta os menores imputados por calquera dos delitos a que se refiren os artigos 571 a 580 do Código penal.»

Tres. O artigo 4 terá a seguinte redacción:

«Artigo 4. *Dereitos das vítimas e dos prexudicados.*

O Ministerio Fiscal e o xuíz de menores velarán en todo momento pola protección dos dereitos das vítimas e dos prexudicados polas infraccións cometidas polos menores.

De maneira inmediata instruiránselles as medidas de asistencia ás vítimas que prevé a lexislación vixente.

As vítimas e os prexudicados terán dereito a comparecer e ser parte no expediente que se incoe para o efecto, para o cal o secretario xudicial informará nos termos previstos nos artigos 109 e 110 da Lei de axuizamento criminal, instruíndoos do seu dereito a nomear avogado ou instar o nomeamento de avogado de oficio en caso de seren titulares do dereito á asistencia xurídica gratuíta. Así mesmo, informaraos de que, de non comparecer no expediente e non facer renuncia nin reserva de accións civís, o Ministerio Fiscal exerceraas se correspondese.

Os que comparezan poderán desde entón tomar coñecemento do actuado e instar a práctica de dilixencias e canto ao seu dereito conveña.

Sen prexuízo do anterior, o secretario xudicial deberalles comunicar ás vítimas e aos prexudicados, comparecesen ou non, todas aquelas resolucións que adopten tanto o Ministerio Fiscal como o xuíz de menores, que poidan afectar os seus intereses.

En especial, cando o Ministerio Fiscal, en aplicación do disposto no artigo 18 desta lei, desista da incoación do expediente, deberao inmediatamente pór en coñecemento das vítimas e prexudicados facéndolles saber o seu dereito a exerceren as accións civís que os asisten ante a xurisdición civil.

Do mesmo modo, o secretario xudicial notificaralles por escrito a sentenza que se dite ás vítimas e aos prexudicados pola infracción penal, aínda que non fosen parte no expediente.»

Catro. O artigo 7 terá a seguinte redacción:

«Artigo 7. *Definición das medidas susceptibles de lles seren impostas aos menores e regras xerais de determinación destas.*

1. As medidas que poden impor os xuíces de menores, ordenadas segundo a restrición de dereitos que supoñen, son as seguintes:

a) Internamento en réxime cerrado. As persoas sometidas a esta medida residirán no centro e desenvolverán nel as actividades formativas, educativas, laborais e de ocio.

b) Internamento en réxime semiaberto. As persoas sometidas a esta medida residirán no centro, pero poderán realizar fóra del algunha ou algunhas das actividades formativas, educativas, laborais e de ocio establecidas no programa individualizado de execución da medida. A realización de actividades fóra do centro quedará condicionada á evolución da persoa e ao cumprimento dos obxectivos previstos nestas, podendo o xuíz de menores suspendelas por tempo determinado, acordando que todas as actividades se leven a cabo dentro do centro.

c) Internamento en réxime aberto. As persoas sometidas a esta medida levarán a cabo todas as actividades do proxecto educativo nos servizos normalizados do contorno, e residirán no centro como domicilio habitual, con suxeición ao programa e réxime interno deste.

d) Internamento terapéutico en réxime cerrado, semiaberto ou aberto. Nos centros desta natureza realizarase unha atención educativa especializada ou tratamento específico dirixido a persoas que padezan anomalías ou alteracións psíquicas, un estado de dependencia de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas ou substancias psicotrópicas, ou alteracións na percepción que determinen unha alteración grave da conciencia da realidade. Esta medida poderase aplicar soa ou como complemento doutra medida prevista neste artigo. Cando o interesado rexeite un tratamento de deshabitación, o xuíz deberalle aplicar outra medida adecuada ás súas circunstancias.

e) Tratamento ambulatorio. As persoas sometidas a esta medida terán que asistir ao centro designado coa periodicidade requirida polos facultativos que as atendan e seguir as pautas fixadas para o adecuado tratamento da anomalía ou alteración psíquica, adicción ao consumo de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas ou substancias psicotrópicas, ou alteracións na percepción que padezan. Esta medida poderase aplicar soa ou como complemento doutra medida prevista neste artigo. Cando o interesado rexeite un tratamento de deshabitación, o xuíz deberalle aplicar outra medida adecuada ás súas circunstancias.

f) Asistencia a un centro de día. As persoas sometidas a esta medida residirán no seu domicilio habitual e acudirán a un centro, plenamente integrado na comunidade, a realizar actividades de apoio, educativas, formativas, laborais ou de ocio.

g) Permanencia de fin de semana. As persoas sometidas a esta medida permanecerán no seu domicilio ou nun centro ata un máximo de trinta e seis horas entre a tarde ou a noite do venres e a noite do domingo, coa excepción, se é o caso, do tempo que lles deban dedicar ás tarefas socioeducativas asignadas polo xuíz que se deban levar a cabo fóra do lugar de permanencia.

h) Liberdade vixiada. Nesta medida débese facer un seguimento da actividade da persoa sometida a ela e da súa asistencia á escola, ao centro de formación profesional ou ao lugar de traballo,

segundo os casos, procurando axudarlle a aquela a superar os factores que determinaron a infracción cometida. Así mesmo, esta medida obriga, se é o caso, a seguir as pautas socioeducativas que sinale a entidade pública ou o profesional encargado do seu seguimento, de acordo co programa de intervención elaborado para o efecto e aprobado polo xuíz de menores. A persoa sometida á medida tamén queda obrigada a manter co dito profesional as entrevistas establecidas no programa e a cumprir, se é o caso, as regras de conduta impostas polo xuíz, que poderán ser algunha ou algunhas das seguintes:

1.^a Obriga de asistir con regularidade ao centro docente correspondente, se o menor está en idade de escolarización obrigatoria, e acreditar ante o xuíz a dita asistencia regular ou xustificar, se é o caso, as ausencias cantas veces fose requirido para iso.

2.^a Obriga de se someter a programas de tipo formativo, cultural, educativo, profesional, laboral, de educación sexual, de educación viaria ou outros similares.

3.^a Prohibición de acudir a determinados lugares, establecementos ou espectáculos.

4.^a Prohibición de se ausentar do lugar de residencia sen autorización xudicial previa.

5.^a Obriga de residir nun lugar determinado.

6.^a Obriga de comparecer persoalmente ante o xulgado de menores ou profesional que se designe, para informar das actividades realizadas e xustificalas.

7.^a Calquera outra obriga que o xuíz, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal, considere conveniente para a reinserción social do sentenciado, sempre que non atenten contra a súa dignidade como persoa. Se algunha destas obrigas implicase a imposibilidade do menor de continuar convivindo cos seus pais, titores ou gardadores, o Ministerio Fiscal deberá remitir testemuño dos particulares á entidade pública de protección do menor, e a dita entidade deberá promover as medidas de protección adecuadas ás circunstancias daquel, conforme o disposto na Lei orgánica 1/1996.

i) A prohibición de se aproximar ou comunicar coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz. Esta medida impediralle ao menor achegarse a eles, en calquera lugar onde se encontren, así como ao seu domicilio, ao seu centro docente, aos seus lugares de traballo e a calquera outro que sexa frecuentado por eles. A prohibición de se comunicar coa vítima, ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, impediralle ao menor establecer con elas, por calquera medio de comunicación ou medio informático ou telemático, contacto escrito, verbal ou visual. Se esta medida implicase a imposibilidade do menor de continuar vivindo cos seus pais, titores ou gardadores, o Ministerio Fiscal deberá remitir testemuño dos particulares á entidade pública de protección do menor, e a dita entidade deberá promover as medidas de protección adecuadas ás circunstancias daquel, conforme o disposto na Lei orgánica 1/1996.

j) Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo. A persoa sometida a esta medida debe convivir, durante o período de tempo establecido polo xuíz, con outra persoa, cunha familia distinta á súa ou cun grupo educativo, adecuadamente seleccionados para orientar aquela no seu proceso de socialización.

k) Prestacións en beneficio da comunidade. A persoa sometida a esta medida, que non se poderá impor sen o seu consentimento, terá que realizar as

actividades non retribuídas que se lle indiquen, de interese social ou en beneficio de persoas en situación de precariedade.

l) Realización de tarefas socioeducativas. A persoa sometida a esta medida ten que realizar, sen internamento nin liberdade vixiada, actividades específicas de contido educativo encamiñadas a lle facilitar o desenvolvemento da súa competencia social.

m) Amoestación. Esta medida consiste na repreñión da persoa levada a cabo polo xuíz de menores e dirixida a lle facer comprender a gravidade dos feitos cometidos e as consecuencias que tiveron ou poderían ter, instándoo a non volver cometer tales feitos no futuro.

n) Privación do permiso de conducir ciclomotores e vehículos de motor, ou do dereito a obtelo, ou das licenzas administrativas para caza ou para uso de calquera tipo de armas. Esta medida poderase impor como accesoria cando o delito ou falta se cometese utilizando un ciclomotor ou un vehículo de motor, ou unha arma, respectivamente.

ñ) Inhabilitación absoluta. A medida de inhabilitación absoluta produce a privación definitiva de todos os honores, empregos e cargos públicos sobre o que recaese, aínda que sexan electivos; así como a incapacidade para obtelos ou calquera outro honor, cargo ou emprego público, e a de ser elixido para cargo público, durante o tempo da medida.

2. As medidas de internamento constarán de dous períodos: o primeiro levarase a cabo no centro correspondente, conforme a descrición efectuada no punto anterior deste artigo; o segundo levarase a cabo en réxime de liberdade vixiada, na modalidade elixida polo xuíz. A duración total non excederá o tempo que se expresa nos artigos 9 e 10. O equipo técnico deberá informar respecto do contido de ambos os períodos, e o xuíz expresará a duración de cada un na sentenza.

3. Para a elección da medida ou medidas adecuadas deberase atender de modo flexible non só á proba e valoración xurídica dos feitos, senón especialmente á idade, ás circunstancias familiares e sociais, á personalidade e ao interese do menor, postos de manifesto os dous últimos nos informes dos equipos técnicos e das entidades públicas de protección e reforma de menores cando estas tivesen coñecemento do menor por teren executado unha medida cautelar ou definitiva con anterioridade, conforme o disposto no artigo 27 desta lei. O xuíz deberá motivar na sentenza as razóns polas que aplica unha determinada medida, así como o prazo de duración desta, para os efectos da valoración do mencionado interese do menor.

4. O xuíz poderalle impor ao menor unha ou varias medidas das previstas nesta lei con independencia de que se trate dun ou máis feitos, suxeitándose se procede ao disposto no artigo 11 para o axuizamento conxunto de varias infraccións; pero en ningún caso se lle imporá a un menor nunha mesma resolución máis dunha medida da mesma clase, entendendo por tal cada unha das que se enumeran no punto 1 deste artigo.»

Cinco. O artigo 9 terá a seguinte redacción:

«Artigo 9. *Réxime xeral de aplicación e duración das medidas.*

Malia o establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 7, a aplicación das medidas aterase ás seguintes regras:

1. Cando os feitos cometidos sexan cualificados de falta, só se poderán impor as medidas de

liberdade vixiada ata un máximo de seis meses, amoestación, permanencia de fin de semana ata un máximo de catro fins de semana, prestacións en beneficio da comunidade ata cincuenta horas, privación do permiso de conducir ou doutras licenzas administrativas ata un ano, a prohibición de se aproximar ou comunicar coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ata seis meses, e a realización de tarefas socioeducativas ata seis meses.

2. A medida de internamento en réxime cerrado só poderá ser aplicable:

a) Cando o feitos estean tipificados como delito grave polo Código penal ou as leis penais especiais.

b) Cando, tratándose de feitos tipificados como delito menos grave, na súa execución se empregase violencia ou intimidación nas persoas ou se xerese grave risco para a súa vida ou a integridade física.

c) Cando os feitos tipificados como delito se cometan en grupo ou o menor pertencese ou actuase ao servizo dunha banda, organización ou asociación, incluso de carácter transitorio, que se dedicasen á realización de tales actividades.

3. A duración das medidas non poderá exceder os dous anos, e computarase, de ser o caso, para estes efectos o tempo xa cumprido polo menor en medida cautelar, conforme o disposto no artigo 28.5 desta lei. A medida de prestacións en beneficio da comunidade non poderá superar as cen horas. A medida de permanencia de fin de semana non poderá superar as oito fins de semana.

4. As accións ou omisións imprudentes non poderán ser sancionadas con medidas de internamento en réxime cerrado.

5. Cando na postulación do Ministerio Fiscal ou na resolución ditada no procedemento se aprecien algunhas das circunstancias a que se refire o artigo 5.2 desta lei, só se poderán aplicar as medidas terapéuticas descritas no artigo 7.1, letras d) e e) desta.»

Seis. O artigo 10 terá a seguinte redacción:

«Artigo 10. *Regras especiais de aplicación e duración das medidas.*

1. Cando se trate dos feitos previstos no punto 2 do artigo anterior, o xuíz, oído o Ministerio Fiscal, as partes comparecentes e o equipo técnico, actuará conforme as regras seguintes:

a) Se no momento de cometer os feitos o menor tiver catorce ou quince anos de idade, a medida poderá alcanzar tres anos de duración. Se se trata de prestacións en beneficio da comunidade, o dito máximo será de cento cincuenta horas, e de doce fins de semana se a medida imposta fose a de permanencia de fin de semana.

b) Se no momento de cometer os feitos o menor tiver dezaseis ou dezasete anos de idade, a duración máxima da medida será de seis anos ou, nos seus respectivos casos, de duascenas horas de prestacións en beneficio da comunidade ou permanencia de dezaseis fins de semana.

Neste suposto, cando o feito revista extrema gravidade, o xuíz deberá impor unha medida de internamento en réxime cerrado de un a seis anos, complementada sucesivamente con outra medida de liberdade vixiada con asistencia educativa ata un máximo de cinco anos. Só se poderá facer uso do disposto nos artigos 13 e 51.1 desta lei orgánica unha vez transcorrido o primeiro ano de cumprimento efectivo da medida de internamento.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, entenderanse sempre supostos de extrema gravidade aqueles en que se apreciase reincidencia.

2. Cando o feito sexa constitutivo dalgún dos delitos tipificados nos artigos 138, 139, 179, 180 e 571 a 580 do Código penal, ou de calquera outro delito que teña sinalada, no dito código ou nas leis penais especiais, pena de prisión igual ou superior a quince anos, o xuíz deberá impor as medidas seguintes:

a) Se no momento cometer os feitos o menor tiver catorce ou quince anos de idade, unha medida de internamento en réxime cerrado de un a cinco anos de duración, complementada, de ser o caso, por outra medida de liberdade vixiada de ata tres anos.

b) Se no momento de cometer os feitos o menor tiver dezaseis ou dezasete anos de idade, unha medida de internamento en réxime cerrado de un a oito anos de duración, complementada, de ser o caso, por outra de liberdade vixiada con asistencia educativa de ata cinco anos. Neste suposto só se poderá facer uso das facultades de modificación, suspensión ou substitución da medida imposta, a que se refiren os artigos 13, 40 e 51.1 desta lei orgánica, cando transcorrese polo menos a metade da duración da medida de internamento imposta.

3. No caso de que o delito cometido sexa algún dos comprendidos nos artigos 571 a 580 do Código penal, o xuíz, sen prexuízo das demais medidas que correspondan conforme esta lei, tamén lle imporá ao menor unha medida de inhabilitación absoluta por un tempo superior entre catro e quince anos ao da duración da medida de internamento en réxime cerrado imposta, atendendo proporcionalmente á gravidade do delito, ao número dos cometidos e ás circunstancias que concorran no menor.

4. As medidas de liberdade vixiada previstas neste artigo deberán ser ratificadas mediante auto motivado, logo de audiencia do Ministerio Fiscal, do letrado do menor e do representante da entidade pública de protección ou reforma de menores ao finalizar o internamento, e levarana a cabo as institucións públicas encargadas do cumprimento das penas.»

Sete. O artigo 11 terá a seguinte redacción:

«Artigo 11. *Pluralidade de infraccións.*

1. Os límites máximos establecidos no artigo 9 e no punto 1 do artigo 10 serán aplicables, conforme os criterios establecidos no artigo 7, puntos 3 e 4, aínda que o menor fose responsable de dúas ou máis infraccións, no caso de que estas sexan conexas ou se trate dunha infracción continuada, así como cando un só feito constituía dúas ou máis infraccións. Non obstante, nestes casos, o xuíz, para determinar a medida ou medidas que se imporán así como a súa duración, deberá ter en conta, ademais do interese do menor, a natureza e o número das infraccións, tomando como referencia a máis grave de todas elas.

Se, malia o disposto no artigo 20.1 desta lei, as ditas infraccións fosen obxecto de diferentes procedementos, o último xuíz sentenciador sinalará a medida ou medidas que debe cumprir o menor polo conxunto dos feitos, dentro dos límites e conforme os criterios expresados no parágrafo anterior.

2. Cando algún ou algúns dos feitos a que se refire o punto anterior fosen dos mencionados no artigo 10.2 desta lei, a medida de internamento en réxime cerrado poderá alcanzar unha duración

máxima de dez anos para os maiores de dezaseis anos e de seis anos para os menores desa idade, sen prexuízo da medida de liberdade vixiada que, de forma complementaria, corresponda impor conforme o dito artigo.

3. Cando o menor cometese dúas ou máis infraccións non comprendidas no punto 1 deste artigo será de aplicación o disposto no artigo 47 desta lei.»

Oito. O artigo 12 terá a seguinte redacción:

«Artigo 12. *Procedemento de aplicación de medidas en supostos de pluralidade de infraccións.*

1. Cos fins previstos no artigo anterior, en canto o xuíz sentenciador teña coñecemento da existencia doutras medidas firmes en execución, pendentes de execución ou suspendidas condicionalmente, impostas ao mesmo menor por outros xuíces de menores en anteriores sentenzas, e unha vez que a medida ou medidas por el impostas sexan firmes, ordenaralle ao secretario xudicial que dea traslado do testemuño da súa sentenza, polo medio máis rápido posible, ao xuíz que ditase a primeira sentenza firme, que será o competente para a execución de todas, asumindo as funcións previstas no punto 2 deste artigo.

2. O xuíz competente para a execución procederá á refundición e a ordenar a execución de todas as medidas impostas conforme establece o artigo 47 desta lei. Desde ese momento, pasará a ser competente para todos os efectos con exclusión dos órganos xudiciais que ditasen as posteriores resolucións.»

Novo. O artigo 13 suprímese, e pasa o artigo 14 a ser artigo 13, coa seguinte redacción:

«Artigo 13. *Modificación da medida imposta.*

1. O xuíz competente para a execución, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal ou do letrado do menor, logo de audiencia destes e do informe do equipo técnico e, de ser o caso, da entidade pública de protección ou reforma de menores, poderá en calquera momento deixar sen efecto a medida imposta, reducir a súa duración ou substituíla por outra, sempre que a modificación redunde no interese do menor e se lle exprese suficientemente a este o reproche merecido pola súa conduta.

2. Nos casos anteriores, o xuíz resolverá por auto motivado, contra o cal se poderán interpor os recursos previstos nesta lei.»

Dez. O artigo 14 terá a seguinte redacción:

«Artigo 14. *Maioría de idade do condenado.*

1. Cando o menor a quen se lle impuxese unha medida das establecidas nesta lei alcanzase a maioría de idade, continuará o cumprimento da medida ata alcanzar os obxectivos propostos na sentenza en que se lle impuxo conforme os criterios expresados nos artigos anteriores.

2. Cando se trate da medida de internamento en réxime cerrado e o menor alcance a idade de dezaioito anos sen finalizar o seu cumprimento, o xuíz de menores, oído o Ministerio Fiscal, o letrado do menor, o equipo técnico e a entidade pública de protección ou reforma de menores, poderá ordenar en auto motivado que o seu cumprimento se leve a cabo nun centro penitenciario conforme o réxime xeral previsto na Lei orgánica xeral penitenciaria se a conduta da persoa internada non responde aos obxectivos propostos na sentenza.

3. Malia o sinalado nos puntos anteriores, cando as medidas de internamento en réxime cerrado lle sexan impostas a quen cumprise vinte e un anos de idade ou, impostas con anterioridade, non finalizase o seu cumprimento ao alcanzar a persoa a dita idade, o xuíz de menores, oídos o Ministerio Fiscal, o letrado do menor, o equipo técnico e a entidade pública de protección ou reforma de menores, ordenará o seu cumprimento en centro penitenciario conforme o réxime xeral previsto na Lei orgánica xeral penitenciaria, salvo que, excepcionalmente, entenda, en consideración ás circunstancias concorrentes, que procede a utilización das medidas previstas nos artigos 13 e 51 desta lei ou a súa permanencia no centro en cumprimento de tal medida cando o menor responda aos obxectivos propostos na sentenza.

4. Cando o menor pase a cumprir a medida de internamento nun centro penitenciario, quedarán sen efecto o resto de medidas impostas polo xuíz de menores que estivesen pendentes de cumprimento sucesivo ou que estivese cumprindo simultaneamente coa de internamento, se estas non fosen compatibles co réxime penitenciario, todo isto sen prexuízo de que excepcionalmente proceda a aplicación dos artigos 13 e 51 desta lei.

5. A medida de internamento en réxime cerrado que impoña o xuíz de menores conforme esta lei cumprírase nun centro penitenciario conforme o réxime xeral previsto na Lei orgánica xeral penitenciaria sempre que, con anterioridade ao inicio da execución da dita medida, o responsable cumpríxa, total ou parcialmente, ben unha pena de prisión imposta conforme o Código penal, ou ben unha medida de internamento executada nun centro penitenciario conforme os puntos 2 e 3 deste artigo.»

Once. O artigo 15 terá a seguinte redacción:

«Artigo 15. *Da prescrición.*

1. Os feitos delituosos cometidos polos menores prescriben:

1.º Conforme as normas contidas no Código penal, cando se trate dos feitos delituosos tipificados nos artigos 138, 139, 179, 180 e 571 a 580 do Código penal ou calquera outro sancionado no Código penal ou nas leis penais especiais con pena de prisión igual ou superior a quince anos.

2.º Aos cinco anos, cando se trate dun delito grave sancionado no Código penal con pena superior a dez anos.

3.º Aos tres anos, cando se trate de calquera outro delito grave.

4.º Ao ano, cando se trate dun delito menos grave.

5.º Aos tres meses, cando se trate dunha falta.

2. As medidas que teñan unha duración superior aos dous anos prescribirán aos tres anos. As restantes medidas prescribirán aos dous anos, excepto a amoestación, as prestacións en beneficio da comunidade e a permanencia de fin de semana, que prescribirán ao ano.»

Doce. Os puntos 4 e 5 do artigo 16 terán a seguinte redacción:

«4. O xuíz de menores ordenará ao propio tempo a apertura da peza separada de responsabilidade civil, que se tramitará conforme o establecido nas regras do artigo 64 desta lei.

5. Cando os feitos mencionados no artigo 1 fosen cometidos conxuntamente por maiores de idade penal e por persoas das idades indicadas no

mesmo artigo 1, o xuíz de instrución competente para o coñecemento da causa, tan axiña como comprobe a idade dos imputados, adoptará as medidas necesarias para asegurar o éxito da actividade investigadora respecto dos maiores de idade e ordenará remitir testemuño dos particulares precisos ao Ministerio Fiscal, para os efectos previstos no punto 2 deste artigo.»

Trece. Engádesse un novo parágrafo segundo ao punto 2 do artigo 17, coa seguinte redacción:

«O menor detido terá dereito á entrevista reservada co seu avogado con anterioridade e ao remate da práctica da dilixencia de toma de declaración.»

Catorce. O parágrafo primeiro do artigo 18 terá a seguinte redacción:

«O Ministerio Fiscal poderá desistir da incoación do expediente cando os feitos denunciados constituán delitos menos graves sen violencia ou intimidación nas persoas ou faltas, tipificados no Código penal ou nas leis penais especiais. En tal caso, o Ministerio Fiscal dará traslado do actuado á entidade pública de protección de menores para a aplicación do establecido no artigo 3 desta lei. Así mesmo, o Ministerio Fiscal comunicarlles aos ofendidos ou prexudicados coñecidos a desistencia acordada.»

Quince. O punto 2 do artigo 19 terá a seguinte redacción:

«2. Para os efectos do disposto no punto anterior, entenderase producida a conciliación cando o menor recoñeza o dano causado e se desculpe ante a vítima, e esta acepte as súas desculpas, e entenderase por reparación o compromiso asumido polo menor coa vítima ou prexudicado de realizar determinadas accións en beneficio daqueles ou da comunidade, seguido da súa realización efectiva. Todo iso sen prexuízo do acordo a que chegasen as partes en relación coa responsabilidade civil.»

Dezaseis. O artigo 20 terá a seguinte redacción:

«Artigo 20. *Unidade de expediente.*

1. O Ministerio Fiscal incoará un procedemento por cada feito delituoso, salvo cando se trate de feitos delituosos conexos.

2. Todos os procedementos tramitados a un mesmo menor se arquivarán no expediente persoal que del se abra na Fiscalía. De igual modo arquiváranse as dilixencias no xulgado de menores respectivo.

3. Nos casos en que os delitos atribuídos ao menor expedientado fosen cometidos en diferentes territorios, a determinación do órgano xudicial competente para o axuizamento de todos eles en unidade de expediente, así como das entidades públicas competentes para a execución das medidas que se apliquen, farase tendo en conta o lugar do domicilio do menor e, subsidiariamente, os criterios expresados no artigo 18 da Lei de axuizamento criminal.

4. Os procedementos da competencia da Audiencia Nacional non poderán ser obxecto de acumulación con outros procedementos instruídos no ámbito da xurisdición de menores, sexan ou non os mesmos os suxeitos imputados.»

Dezasete. O punto 2 do artigo 22 terá a seguinte redacción:

«2. O expediente seralle notificado ao menor desde o momento mesmo da súa incoación, agás o

disposto no artigo 24. Para tal fin, o fiscal requirirá o menor e os seus representantes legais para designaren letrado no prazo de tres días, advertíndolles que, de non o facer, nomeará de oficio de entre os integrantes da quenda de especialistas do correspondente colexio de avogados. Unha vez producida a dita designación, o fiscal comunicará ao xuíz de menores.»

Dezaioito. O punto 2 do artigo 23 terá a seguinte redacción:

«2. O Ministerio Fiscal deberá dar vista do expediente ao letrado do menor e, de ser o caso, a quen exercese a acción penal, nun prazo non superior a vinte e catro horas, tantas veces como aquel o solicite.»

Dezanove. O artigo 24 terá a seguinte redacción:

«Artigo 24. *Segredo do expediente.*

O xuíz de menores, por solicitude do Ministerio Fiscal, do menor ou da súa familia, ou de quen exerza a acción penal, poderá decretar mediante auto motivado o segredo do expediente, na súa totalidade ou parcialmente, durante toda a instrución ou durante un período limitado desta. Non obstante, o letrado do menor e quen exerza a acción penal deberán, en todo caso, coñecer na súa integridade o expediente ao realizar o trámite de alegacións. Este incidente tramitará o xulgado en peza separada.»

Vinte. O artigo 26 quedará redactado así:

«Artigo 26. *Dilixencias propostas polas partes.*

1. As partes poderán solicitar do Ministerio Fiscal a práctica de cantas dilixencias consideren necesarias. O Ministerio Fiscal decidirá sobre a súa admisión, mediante resolución motivada que notificará ao letrado do menor e a quen, de ser o caso, exerza a acción penal, e que porá en coñecemento do xuíz de menores. As partes poderán, en calquera momento, reproducir ante o xulgado de menores a petición das dilixencias non practicadas.

2. Malia o disposto no punto anterior, cando algunha das partes propoña que se leve a efecto a declaración do menor, o Ministerio Fiscal deberá recibila no expediente, salvo que xa concluíse a instrución e o expediente fose elevado ao xulgado de menores.

3. Se as dilixencias propostas por algunha das partes afectasen dereitos fundamentais do menor ou doutras persoas, o Ministerio Fiscal, de estimar pertinente a solicitude, dirixirase ao xuíz de menores conforme o disposto no artigo 23.3, sen prexuízo da facultade de quen propuxese a dilixencia de reproducir a súa solicitude ante o xuíz de menores conforme o disposto no punto 1 deste artigo.»

Vinte e un. Os puntos 1, 2 e 3 do artigo 28 terán a seguinte redacción:

«1. O Ministerio Fiscal, de oficio ou por instancia de quen exercese a acción penal, cando existan indicios racionais da comisión dun delito e o risco de eludir ou obstruír a acción da xustiza por parte do menor ou de atentar contra os bens xurídicos da vítima, poderá solicitar do xuíz de menores, en calquera momento, a adopción de medidas cautelares para a custodia e defensa do menor expedientado ou para a debida protección da vítima.

As ditas medidas poderán consistir en internamento en centro no réxime adecuado, liberdade vixiada, prohibición de se aproximar ou comunicar coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou

outras persoas que determine o xuíz, ou convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo.

O xuíz, oído o letrado do menor, así como o equipo técnico e a representación da entidade pública de protección ou reforma de menores, que informarán especialmente sobre a natureza da medida cautelar, resolverá sobre o proposto tomando en especial consideración o interese do menor. A medida cautelar adoptada poderase manter ata que se dite sentenza firme.

2. Para a adopción da medida cautelar de internamento atenderase á gravidade dos feitos, valorando tamén as circunstancias persoais e sociais do menor, a existencia dun perigo certo de fuga e, especialmente, que o menor cometese ou non con anterioridade outros feitos graves da mesma natureza.

O xuíz de menores resolverá, por instancia do Ministerio Fiscal ou da acusación particular, nunha comparecencia á cal asistirán tamén o letrado do menor, as demais partes comparecentes, o representante do equipo técnico e o da entidade pública de protección ou reforma de menores, os cales informarán o xuíz sobre a conveniencia da adopción da medida solicitada en función dos criterios consignados neste artigo. Na dita comparecencia o Ministerio Fiscal e as partes comparecentes poderán propor os medios de proba que se poidan practicar no acto ou dentro das vinte e catro horas seguintes.

3. O tempo máximo da medida cautelar de internamento será de seis meses, e poderase prorrogar, por instancia do Ministerio Fiscal, logo de audiencia do letrado do menor e mediante auto motivado, por outros tres meses como máximo.»

Vinte e dous. Os puntos 1 e 3 do artigo 30 terán a seguinte redacción:

«1. Acabada a instrución, o Ministerio Fiscal resolverá a conclusión do expediente, notificándolle ás partes comparecentes, e remitirá ao xulgado de menores o expediente, xunto coas pezas de convicción e demais efectos que puidesen existir, cun escrito de alegacións en que constará a descrición dos feitos, a súa valoración xurídica, o grao de participación do menor, unha breve descrición das circunstancias persoais e sociais deste, a proposición dalgunha medida das previstas nesta lei con exposición razoada dos fundamentos xurídicos e educativos que a aconsellen, e, de ser o caso, a exixencia de responsabilidade civil.

3. Así mesmo, o Ministerio Fiscal poderá propor a participación no acto da audiencia daquelas persoas ou representantes de institucións públicas e privadas que poidan achegar ao proceso elementos valorativos do interese do menor e da conveniencia ou non das medidas solicitadas. En todo caso serán chamadas ao acto de audiencia as persoas ou institucións prexudicadas civilmente polo delito, así como os responsables civís.»

Vinte e tres. O artigo 31 terá a seguinte redacción:

«Artigo 31. *Apertura da fase de audiencia.*

Recibido o escrito de alegacións co expediente, as pezas de convicción, os efectos e demais elementos relevantes para o proceso remitidos polo Ministerio Fiscal, o secretario do xulgado de menores incorporaráos ás dilixencias, e o xuíz de menores procederá a abrir o trámite de audiencia, para o cal o secretario xudicial dará traslado simultaneamente a aqueles que exerzan a acción penal e a civil para que nun prazo común de cinco días hábiles formulen os seus respectivos escritos de alegacións e

propoñan as probas que consideren pertinentes. Feito este trámite, o secretario xudicial dará traslado de todo o actuado ao letrado do menor e, de ser o caso, aos responsables civís, para que nun prazo de cinco días hábiles formule pola súa vez escrito de alegacións e propoña a proba que considere pertinente.»

Vinte e catro. O artigo 32 terá a seguinte redacción:

«Artigo 32. *Sentenza de conformidade.*

Se o escrito de alegacións da acusación solicítase a imposición dalgunha ou dalgunhas das medidas previstas nas letras e) a ñ) do punto 1 do artigo 7, e houbese conformidade do menor e do seu letrado, así como dos responsables civís, a cal se expresará en comparecencia ante o xuíz de menores nos termos do artigo 36, este ditará sentenza sen máis trámite.

Cando o menor e o seu letrado disentsen unicamente respecto da responsabilidade civil, limitarase a audiencia á proba e discusión dos puntos relativos á dita responsabilidade.

Cando a persoa ou persoas contra as que se dirixa a acción civil non estivesen conformes coa responsabilidade civil solicitada, iniciarase o trámite da audiencia só no relativo a este último extremo, practicándose a proba proposta co fin de determinar o alcance daquela.»

Vinte e cinco. O artigo 33 terá a seguinte redacción:

«Artigo 33. *Outras decisións do xuíz de menores.*

Nos casos non previstos no artigo anterior, á vista da petición do Ministerio Fiscal e dos escritos de alegacións das partes, o xuíz adoptará algunha das seguintes decisións:

- a) A realización da audiencia.
- b) O sobresemento, mediante auto motivado, das actuacións.
- c) O arquivo por sobresemento das actuacións con remisión de particulares á entidade pública de protección de menores correspondente cando así o solicítase o Ministerio Fiscal.
- d) A remisión das actuacións ao xuíz competente, cando o xuíz de menores considere que non lle corresponde o coñecemento do asunto.
- e) Practicar en por si as probas propostas polas partes e que fosen denegadas polo fiscal durante a instrución, conforme o disposto no artigo 26.1 desta lei, e que non se poidan realizar no transcurso da audiencia, sempre que considere que son relevantes para os efectos do proceso. Unha vez practicadas, daráselles traslado dos resultados ao Ministerio Fiscal e ás partes comparecentes, antes de iniciar as sesións da audiencia.

Contra as precedentes resolucións caberán os recursos previstos nesta lei.»

Vinte e seis. O artigo 34 terá a seguinte redacción:

«Artigo 34. *Pertinencia de probas e sinalamento da audiencia.*

O xuíz de menores, dentro do prazo de cinco días desde a presentación do escrito de alegacións do letrado do menor e, de ser o caso, dos responsables civís, ou unha vez transcorrido o prazo para a presentación sen que esta se efectuase, acordará, de ser o caso, o procedente sobre a pertinencia das probas propostas, mediante auto de apertura da audiencia, e o secretario xudicial sinalará o día e a hora en que deba comezar esta dentro dos dez días seguintes.»

Vinte e sete. Os puntos 1 e 3 do artigo 35 terán a seguinte redacción:

«1. A audiencia realizarase con asistencia do Ministerio Fiscal, das partes comparecentes, do letrado do menor, dun representante do equipo técnico que emitise o informe previsto no artigo 27 desta lei, e do propio menor, que poderá estar acompañado dos seus representantes legais, salvo que o xuíz, oídos os citados Ministerio Fiscal, letrado do menor e representante do equipo técnico, acorde o contrario. Tamén poderá asistir o representante da entidade pública de protección ou reforma de menores que interviñese nas actuacións da instrución, cando se executasen medidas cautelares ou definitivas impostas ao menor con anterioridade. Igualmente, deberán comparecer a persoa ou persoas ás cales se lles exixa responsabilidade civil; aínda que a súa inasistencia inxustificada non será por si mesma causa de suspensión da audiencia.

3. Quen exerza a acción penal no procedemento regulado nesta lei terá que respectar rigorosamente o dereito do menor á confidencialidade e á non difusión dos seus datos persoais ou dos datos que figuren no expediente instruído, nos termos que estableza o xuíz de menores. Quen infrinxa esta regra será acredor das responsabilidades civís e penais que procedan.»

Vinte e oito. O artigo 36 terá a seguinte redacción:

«Artigo 36. *Conformidade do menor.*

1. O secretario xudicial informará o menor expedientado, nunha linguaxe comprensible e adaptada á súa idade, das medidas e responsabilidade civil solicitadas polo Ministerio Fiscal e, de ser o caso, pola acusación particular e polo demandante civil, nos seus escritos de alegacións, así como dos feitos e da causa en que se funden.

2. O xuíz seguidamente preguntarlle ao menor se se declara autor dos feitos e se está de acordo coas medidas solicitadas e coa responsabilidade civil. Se mostrase a súa conformidade cos ditos extremos, oídos o letrado do menor e a persoa ou persoas contra as cales se dirixa a acción civil, o xuíz poderá ditar resolución de conformidade. Se o letrado non estivese de acordo coa conformidade prestada polo propio menor, o xuíz resolverá sobre a continuación ou non da audiencia, razoando esta decisión na sentenza.

3. Se o menor estivese conforme cos feitos pero non coa medida solicitada, iniciarase o trámite da audiencia só no relativo a este último extremo, practicándose a proba proposta co fin de determinar a aplicación da dita medida ou a súa substitución por outra máis adecuada ao interese do menor e que fose proposta por algunha das partes.

4. Cando o menor ou a persoa ou persoas contra as cales se dirixa a acción civil non estivesen conformes coa responsabilidade civil solicitada, iniciarase o trámite da audiencia só no relativo a este último extremo, practicándose a proba proposta co fin de determinar o alcance daquela.»

Vinte e nove. Os puntos 1 e 2 do artigo 37 terán a seguinte redacción:

«1. Cando proceda a realización da audiencia, o xuíz invitará o Ministerio Fiscal, a aqueles que exercen, de ser o caso, a acción penal, o letrado do menor, e eventualmente, e respecto das cuestións que estritamente teñan que ver coa responsabilidade civil, o demandante civil e terceiros responsables civilmente, a que manifesten o que teñan por

conveniente sobre a práctica de novas probas ou sobre a vulneración dalgún dereito fundamental na tramitación do procedemento, ou, de ser o caso, poralles de manifesto a posibilidade de aplicar unha distinta cualificación ou unha distinta medida das que solicitasen. Seguidamente, o xuíz acordará a continuación da audiencia ou a emenda do dereito vulnerado, se así procedese. Se acordase a continuación da audiencia, o xuíz resolverá na sentenza sobre os extremos formulados.

2. Seguidamente iniciarase a práctica da proba proposta e admitida e a que, logo de declaración de pertinencia, ofrezan as partes para a súa práctica no acto, e oírase, así mesmo, o equipo técnico sobre as circunstancias do menor. A continuación, o xuíz oírá o Ministerio Fiscal, a quen exercese, de ser o caso, a acción penal, o letrado do menor, o demandante civil e terceiros responsables civilmente respecto dos dereitos que o asisten, sobre a valoración da proba, a súa cualificación xurídica e a procedencia das medidas propostas; sobre este último punto, oírase tamén o equipo técnico e, de ser o caso, a entidade pública de protección ou reforma de menores. Por último, o xuíz oírá o menor, deixando o expediente visto para sentenza.»

Trinta. O artigo 38 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 38. *Prazo para ditar sentenza.*

Finalizada a audiencia, o xuíz de menores ditará sentenza nun prazo máximo de cinco días.»

Trinta e un. Os puntos 1 e 3 do artigo 39 terán a seguinte redacción:

«1. A sentenza conterá todos os requisitos previstos na vixente Lei orgánica do poder xudicial e nela, valorando as probas practicadas, as razóns expostas polo Ministerio Fiscal, polas partes comparecentes e polo letrado do menor, o manifestado, de ser o caso, por este, tomando en consideración as circunstancias e a gravidade dos feitos, así como todos os datos debatidos sobre a personalidade, situación, necesidades e ámbito familiar e social do menor, a idade deste no momento de ditar a sentenza, e a circunstancia de que o menor cometese ou non con anterioridade outros feitos da mesma natureza, resolverá sobre a medida ou medidas propostas, con indicación expresa do seu contido, duración e obxectivos que pretenden alcanzar con estas. A sentenza será motivada, consignando expresamente os feitos que se declaren probados e os medios probatorios dos cales resulte a convicción xudicial.

Na mesma sentenza resolverase sobre a responsabilidade civil derivada do delito ou falta, co contido indicado no artigo 115 do Código penal.

Tamén poderá ser anticipada oralmente a resolución ao final das sesións da audiencia, sen prexuízo da súa documentación conforme o artigo 248.3 da citada Lei orgánica do poder xudicial.

3. Cada xulgado de menores levará un rexistro de sentenzas no cal se incluírán asinadas todas as definitivas. O mantemento e a custodia do dito rexistro é responsabilidade do secretario xudicial.»

Trinta e dous. O punto 1 do artigo 40 terá a seguinte redacción:

«1. O xuíz competente para a execución, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal ou do letrado do menor, e oídos en todo caso estes, así como o representante do equipo técnico e da entidade pública de protección ou reforma de menores,

poderá acordar motivadamente a suspensión da execución da resolución contida na sentenza, cando a medida imposta non sexa superior a dous anos de duración, durante un tempo determinado e ata un máximo de dous anos. A dita suspensión acordarase na propia sentenza ou por auto motivado do xuíz competente para a execución cando aquela sexa firme, debendo expresar, en todo caso, as súas condicións. Exceptuarase da suspensión o pronunciamiento sobre a responsabilidade civil derivada do delito ou falta.»

Trinta e tres. No punto 3 do artigo 41 substitúese a referencia ao artigo 14 polo artigo 13.

Trinta e catro. Modifícase a rúbrica do artigo 41 e engádense dous novos puntos 4 e 5 que terán a seguinte redacción:

«Artigo 41. *Recursos procedentes e tramitación.*».

«4. Contra os autos e sentenzas ditados polo Xulgado Central de Menores da Audiencia Nacional cabe recurso de apelación ante a Sala do Penal da Audiencia Nacional.

5. Contra as resolucións ditadas polos secretarios xudiciais caben os mesmos recursos que os expresados na Lei de axuízamento criminal, que se tramitarán na forma que nela se determina.»

Trinta e cinco. O artigo 42 terá a seguinte redacción:

«Artigo 42. *Recurso de casación para unificación de doutrina.*

1. Son obxecto de recurso en casación, ante a Sala Segunda do Tribunal Supremo, as sentenzas ditadas en apelación pola Audiencia Nacional e polas audiencias provinciais cando se impuxese unha das medidas a que se refire o artigo 10.

2. O recurso terá por obxecto a unificación de doutrina con ocasión de sentenzas ditadas en apelación que fosen contraditorias entre si, ou con sentenzas do Tribunal Supremo, respecto de feitos e valoracións das circunstancias do menor que, sendo substancialmente iguais, desen lugar, porén, a pronunciamientos distintos.

3. O recurso poderá preparalo o Ministerio Fiscal ou calquera das partes que pretenda a indicada unificación de doutrina, dentro dos dez días seguintes ao da notificación da sentenza da Audiencia Nacional ou Provincial, en escrito dirixido a esta.

O escrito de preparación deberá conter unha relación precisa e circunstanciada da contradición alegada, con designación das sentenzas aludidas e dos informes en que se funde o interese do menor valorado en sentenza.

4. Se a Audiencia Nacional ou Provincial ante a cal se preparase o recurso estimase acreditados os requisitos a que se refire o punto anterior, o secretario xudicial requirirá testemuño das sentenzas citadas aos tribunais que as ditaron, e nun prazo de dez días remitirá a documentación á Sala Segunda do Tribunal Supremo, emprazando o recorrente e o Ministerio Fiscal, se non o fose, ante a dita sala.

5. O recurso de casación interporase ante a Sala Segunda do Tribunal Supremo, sendo de aplicación na interposición, tramitación e resolución do recurso o disposto na Lei de axuízamento criminal, en canto resulte aplicable.»

Trinta e seis. Introdúcense as seguintes modificacións no artigo 44:

1. O punto 1 queda redactado así:

«1. A execución das medidas previstas nesta lei realizarase baixo o control do xuíz de menores que

ditase a sentenza correspondente, salvo cando por aplicación do disposto nos artigos 12 e 47 desta lei sexa competente outro, o cal resolverá por auto motivado, oídos o Ministerio Fiscal, o letrado do menor e a representación da entidade pública que execute aquela, sobre as incidencias que se poidan producir durante o seu transcurso.»

2. A letra b) do punto 2 pasa a ter a seguinte redacción:

«b) Resolver as propostas de revisión das medidas.»

3. Engádesse un novo punto 3, co seguinte teor:

«3. Cando, por aplicación do disposto no artigo 14 desta lei, a medida de internamento se cumpra nun establecemento penitenciario, o xuíz de menores competente para a execución conservará a competencia para decidir sobre a pervivencia, modificación ou substitución da medida nos termos previstos nesta lei, asumindo o xuíz de vixilancia penitenciaria o control das incidencias da súa execución en todas as cuestións e materias a que se refire a lexislación penitenciaria.»

Trinta e sete. O artigo 46 terá a seguinte redacción:

«1. Unha vez firme a sentenza e aprobado o programa de execución da medida imposta, o secretario do xulgado de menores competente para a execución da medida practicará a liquidación da dita medida, indicando as datas do seu inicio e remate, con aboamento, de ser o caso, do tempo cumprido polas medidas cautelares impostas ao interesado, tendo en conta o disposto no artigo 28.5. Ao propio tempo, abrirá un expediente de execución no cal se farán constar as incidencias que se produzan no desenvolvemento daquela conforme o establecido nesta lei.

2. Da liquidación mencionada no punto anterior e do testemuño de particulares que o xuíz considere necesario e que deberá incluír os informes técnicos que consten na causa, o secretario xudicial dará traslado á entidade pública de protección ou reforma de menores competente para o cumprimento das medidas acordadas na sentenza firme. Tamén lle notificará ao Ministerio Fiscal o inicio da execución, e ao letrado do menor se así o solicitase do xuíz de menores.

3. Recibidos pola entidade pública o testemuño e a liquidación da medida indicados no punto anterior, aquela designará de forma inmediata un profesional que se responsabilizará da execución da medida imposta, e, se esta fose de internamento, designará o centro máis adecuado para a súa execución de entre os máis próximos ao domicilio do menor nos cales existan prazas dispoñibles para a execución pola entidade pública competente en cada caso. O traslado a outro centro distinto dos anteriores só se poderá fundamentar no interese do menor de ser afastado do seu ámbito familiar e social e requirirá en todo caso a aprobación do xulgado de menores competente para a execución da medida. En todo caso os menores pertencentes a unha banda, organización ou asociación non poderán cumprir a medida imposta no mesmo centro, debéndoselles designar un distinto aínda que a súa elección supoña afastamento do ámbito familiar ou social.»

Trinta e oito. O artigo 47 terá a seguinte redacción:

«Artigo 47. *Refundición de medidas impostas.*

1. Se se lle impuxesen ao menor varias medidas na mesma resolución xudicial, e non fose posi-

ble o seu cumprimento simultáneo, o xuíz competente para a execución ordenará o seu cumprimento sucesivo conforme as regras establecidas no punto 5 deste artigo.

A mesma regra aplicaráselles ás medidas impostas en distintas resolucións xudiciais, sempre e cando as ditas medidas sexan de distinta natureza entre si. Neste caso será o xuíz competente para a execución quen ordene o cumprimento simultáneo ou sucesivo conforme o punto 5 deste artigo, segundo corresponda.

2. Se se lle impuxesen ao menor en diferentes resolucións xudiciais dúas ou máis medidas da mesma natureza, o xuíz competente para a execución, logo de audiencia do letrado do menor, refundirá as ditas medidas nunha soa, sumando a súa duración, ata o límite do dobre da máis grave das refundidas.

O xuíz, logo de audiencia do letrado do menor, deberá proceder deste modo respecto de cada grupo de medidas da mesma natureza que se lle impuxesen ao menor, de modo que, unha vez practicada a refundición, non quedará por executar máis dunha medida de cada clase das enumeradas no artigo 7 desta lei.

3. En caso de que, estando suxeito á execución dunha medida, o menor volvese cometer un feito delituoso, o xuíz competente para a execución, logo de audiencia do letrado do menor, ditará a resolución que proceda en relación á nova medida que, de ser o caso, se lle impuxese, conforme o disposto nos dous puntos anteriores. Neste caso poderá aplicar, ademais, as regras establecidas no artigo 50 para o suposto de quebrantamento da execución.

4. Para os fins previstos neste artigo, en canto o xuíz sentenciador teña coñecemento da existencia doutras medidas firmes de execución, pendentes de execución ou suspendidas condicionalmente, e unha vez que a medida ou medidas por el impostas sexan firmes, procederá conforme o disposto no artigo 12 desta lei.

5. Cando as medidas de distinta natureza, impostas directamente ou resultantes da refundición prevista nos números anteriores, se tivesen que executar de maneira sucesiva, atenderase aos seguintes criterios:

a) A medida de internamento terapéutico executarase con preferencia a calquera outra.

b) A medida de internamento en réxime cerrado executarase con preferencia ao resto das medidas de internamento.

c) A medida de internamento cumprírase antes que as non privativas de liberdade e, de ser o caso, interromperá a execución destas.

d) As medidas de liberdade vixiada recollidas no artigo 10 executaranse unha vez finalizado o internamento en réxime cerrado que se prevé no mesmo artigo.

e) En atención ao interese do menor, o xuíz poderá, logo do informe do Ministerio Fiscal, das demais partes e da entidade pública de reforma ou protección de menores, acordar motivadamente a alteración na orde de cumprimento prevista nas regras anteriores.

6. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo das previsións do artigo 14 para o caso de que o menor pasase a cumprir unha medida de internamento en centro penitenciario ao alcanzar a maioría de idade.

7. Cando unha persoa que se encontre cumprindo unha ou varias medidas impostas conforme esta lei sexa condenada a unha pena ou medida de seguranza prevista no Código penal ou en leis penais especiais,

executaranse simultaneamente aquelas e estas se fose materialmente posible, atendida a natureza de ambas, a súa forma de cumprimento ou a eventual suspensión da pena imposta, cando proceda.

Non sendo posible a execución simultánea, cumprírase a sanción penal, quedando sen efecto a medida ou medidas impostas en aplicación desta lei, salvo que se trate dunha medida de internamento e a pena imposta sexa de prisión e se deba efectivamente executar. Neste último caso, a non ser que o xuíz de menores adopte algunha das resolucións previstas no artigo 13 desta lei, a medida de internamento acabárase de cumprir no centro penitenciario nos termos previstos no artigo 14, e, unha vez cumprida, executarase a pena.»

Trinta e nove. No punto 2 do artigo 49 substitúese a referencia ao artigo 14.1 polo artigo 13.1.

Corenta. O punto 3 do artigo 50 terá a seguinte redacción:

«3. Así mesmo, o xuíz de menores acordará que o secretario xudicial remita testemuño dos particulares relativos ao quebrantamento da medida ao Ministerio Fiscal, por se o feito fose constitutivo dalgunha das infraccións a que se refire o artigo 1 desta lei orgánica e merecente de reproche sancionador.»

Corenta e un. Os puntos 2 e 3 do artigo 51 pasan a ser os puntos 3 e 4. Os puntos 1 e 2 do dito artigo terán a seguinte redacción:

«1. Durante a execución das medidas o xuíz de menores competente para a execución poderá, de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal, do letrado do menor ou da Administración competente, e oídas as partes, así como o equipo técnico e a representación da entidade pública de protección ou reforma de menores, deixar sen efecto aquelas ou substituílas por outras que se consideren máis adecuadas de entre as previstas nesta lei, por tempo igual ou inferior ao que reste para o seu cumprimento, sempre que a nova medida puidese ter sido imposta inicialmente atendendo á infracción cometida. Todo iso sen prexuízo do disposto no punto 2 do artigo anterior e de acordo co artigo 13 desta lei.

2. Cando o xuíz de menores substitúese a medida de internamento en réxime cerrado pola de internamento en réxime semiaberto ou aberto, e o menor evolucione desfavorablemente, logo de audiencia do letrado do menor, poderá deixar sen efecto a substitución, volvéndose aplicar a medida substituída de internamento en réxime cerrado. Igualmente, se a medida imposta é a de internamento en réxime semiaberto e o menor evoluciona desfavorablemente, o xuíz de menores poderá substituíla pola de internamento en réxime cerrado, cando o feito delituoso polo cal se impuxo sexa algún dos previstos no artigo 9.2 desta lei.»

Corenta e dous. O punto 2 do artigo 52 terá a seguinte redacción:

«2. Se o xuíz de menores admitise a trámite o recurso, o secretario xudicial solicitará informe do Ministerio Fiscal e, logo de audiencia do letrado do menor, aquel resolverá o recurso no prazo de dous días mediante auto motivado. Contra este auto caberá recurso de apelación ante a correspondente audiencia provincial, conforme o disposto no artigo 41 desta lei.»

Corenta e tres. O punto 1 do artigo 53 terá a seguinte redacción:

«1. Unha vez cumprida a medida, a entidade pública remitiralles aos destinatarios designados no

artigo 49.1 un informe final, e o xuíz de menores ditará auto acordando o que proceda respecto ao arquivo da causa. O dito auto notificarálo o secretario xudicial ao Ministerio Fiscal, ao letrado do menor, á entidade pública e á vítima.»

Corenta e catro. O punto 1 do artigo 54 terá a seguinte redacción:

«1. As medidas privativas de liberdade, a detención e as medidas cautelares de internamento que se impoñan de conformidade con esta lei executaranse en centros específicos para menores infractores, diferentes dos previstos na lexislación penitenciaria para a execución das condenas penais e medidas cautelares privativas de liberdade impostas aos maiores de idade penal.

A execución da detención preventiva, das medidas cautelares de internamento ou das medidas impostas na sentenza, acordadas polo xuíz central de menores ou pola sala correspondente da Audiencia Nacional, levarase a cabo nos establecementos e co control do persoal especializado que o Goberno poña á disposición da Audiencia Nacional, de ser o caso, mediante convenio coas comunidades autónomas.

A execución das medidas impostas polo xuíz central de menores ou pola sala correspondente da Audiencia Nacional será preferente sobre as impostas, de ser o caso, por outros xuíces ou salas de menores.»

Corenta e cinco. O artigo 64 terá a seguinte redacción:

«Artigo 64. *Regras de procedemento.*

Os trámites para a exixencia da responsabilidade civil aludida nos artigos anteriores acomodaranse ás seguintes regras:

1.^a Tan axiña como o xuíz de menores reciba o parte da incoación do expediente polo Ministerio Fiscal, ordenará abrir de forma simultánea co proceso principal unha peza separada de responsabilidade civil, notificándolles o secretario xudicial a aqueles que aparezan como prexudicados o seu dereito a seren parte nesta, e establecendo o prazo límite para o exercicio da acción.

2.^a Na peza de referencia, que se tramitará de forma simultánea co proceso principal, poderán comparecer os prexudicados que recibisen notificación para o efecto do xuíz de menores ou do Ministerio Fiscal, conforme establece o artigo 22 desta lei, e tamén espontaneamente aqueles que se consideren como tales. Así mesmo, poderán comparecer as compañías aseguradoras que se teñan por partes interesadas, dentro do prazo para o exercicio da acción de responsabilidade civil. No escrito de comparecencia indícarán as persoas que consideren responsables dos feitos cometidos e contra as cales pretendan reclamar, abondando coa indicación xenérica da súa identidade.

3.^a O secretario xudicial notificaralles ao menor e aos seus representantes legais, de ser o caso, a súa condición de posibles responsables civís.

4.^a Unha vez que compareceron os presuntos prexudicados e responsables civís, o xuíz de menores resolverá sobre a súa condición de partes, continuando o procedemento polas regras xerais.

5.^a A intervención no proceso para os efectos de exixencia de responsabilidade civil realizarase nas condicións que o xuíz de menores sinale co fin de preservar a intimidade do menor e que o coñecemento dos documentos que constan nos autos se

refira exclusivamente a aqueles que teñan unha conexión directa coa acción exercida por estes.»

Corenta e seis. Modifícase o punto 3 da disposición derradeira terceira, que terá a seguinte redacción:

«3. O Goberno, a través do Ministerio de Xustiza, e as comunidades autónomas con competencia na materia, a través das correspondentes conselleiras, adecuarán os cadros de persoal de funcionarios da Administración de xustiza ás necesidades que presenten os xulgados e as fiscalías de menores para a aplicación desta lei. Así mesmo, determinarán o número e o cadro de persoal dos equipos técnicos compostos por persoal funcionario ou laboral ao servizo das administracións públicas, que actuarán baixo os principios de independencia, imparcialidade e profesionalidade.»

Disposición adicional única.

Para lle dar cumprimento ao principio de lealdade institucional previsto na Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, o Consello de Política Fiscal e Financeira procederá a avaliar as obrigas de gasto que, para as comunidades autónomas, puidesen derivar da aplicación das disposicións desta lei orgánica.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

1. Os feitos delituosos cometidos por menores ata o día da entrada en vigor desta lei xulgaranse conforme a lexislación vixente no momento da súa comisión e as medidas impostas executaranse conforme a lexislación vixente no momento da comisión dos feitos. Malia o anterior, aplicarase esta lei, unha vez que entre en vigor, se as súas disposicións son máis favorables para o menor, aínda que os feitos fosen cometidos con anterioridade á súa entrada en vigor.

2. Para a determinación de cal é a lei máis favorable terase en conta a medida que correspondería ao feito xulgado coa aplicación das normas completas da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores e da reforma contida nesta lei.

3. En todo caso, será oído o menor e o seu representante legal.

4. En relación coas sentenzas firmes que estivesen executándose ou pendentes de execución, o Ministerio Fiscal, tras solicitar os informes correspondentes, instará, se procede, o xuíz de menores a revisar a sentenza e, en tal caso, informará sobre os termos da revisión. A continuación, o xuíz de menores oír á o menor sancionado e o seu letrado en relación coa revisión proposta polo Ministerio Fiscal. Unha vez practicada a audiencia, o xuíz de menores revisará a sentenza aplicando a lei máis favorable.

O xuíz de menores tamén revisará a sentenza por instancia do letrado do menor, oído o Ministerio Fiscal.

5. O previsto polo punto 2 do artigo 14 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, na súa redacción dada por esta lei orgánica, non se lles aplicará a aqueles que cumpran medidas impostas con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Disposición derogatoria única. *Cláusula derogatoria.*

Quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ao establecido nesta lei orgánica e, en particular, as disposicións adicionais primeira e cuarta da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei de axuízamento criminal.*

Modifícanse os artigos 433, 448, 707 e 731 bis da Lei de axuízamento criminal, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 433, que terá a seguinte redacción:

«Ao se presentaren a declarar, as testemuñas entregaranlle ao secretario a copia da cédula de citación.

As testemuñas maiores de idade penal xurarán ou prometerán dicir todo o que souberen respecto ao que lles preguntasen, estando o xuíz obrigado a informalos, nunha linguaxe clara e comprensible, da obriga que teñen de ser veraces e da posibilidade de incorrer nun delito de falso testemuño en causa criminal.

Toda declaración dun menor poderase realizar ante expertos e sempre en presenza do Ministerio Fiscal. Quen exerza a patria potestade, tutela ou garda do menor poderá estar presente, salvo que sexa imputado ou o xuíz, excepcionalmente e de forma motivada, acorde o contrario. O xuíz poderá acordar a gravación da declaración.»

Dous. Substitúese o último parágrafo do artigo 448, que terá a seguinte redacción:

«A declaración das testemuñas menores de idade levarase a cabo evitando a súa confrontación visual co inculpado, utilizando para iso calquera medio técnico que faga posible a práctica desta proba.»

Tres. Substitúese o último parágrafo do artigo 707, que terá a seguinte redacción:

«A declaración das testemuñas menores de idade levarase a cabo evitando a súa confrontación visual co inculpado, utilizando para iso calquera medio técnico que faga posible a práctica desta proba.»

Catro. Modifícase o artigo 731 bis, que queda redactado como segue:

«O tribunal, de oficio ou por instancia de parte, por razóns de utilidade, seguranza ou de orde pública, así como naqueles supostos en que a comparecencia de quen teña que intervir en calquera tipo de procedemento penal como imputado, testemuña, perito, ou noutra condición resulte gravosa ou prexudicial, e, especialmente, cando se trate dun menor, poderá acordar que a súa actuación se realice a través de videoconferencia ou doutro sistema similar que permita a comunicación bidireccional e simultánea da imaxe e o son, de acordo co disposto no punto 3 do artigo 229 da Lei orgánica do poder xudicial.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con excepción da súa disposición derradeira primeira, que o fará o día seguinte ao da dita publicación.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 4 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO